

Antón Roel Villanueva

Adicado a Vaipolorío: vintecinco anos loitando polo río dos Gafos

TRIBUNA

Ali estaba, no amencer, sentado nunha pedra a carón do río, mirando fixamente aquela árbore onde sabía que se pousaría o seu amigo, un **xílgaro pequerrecho** que sempre escollía a póla daquel ameneiro para pousarse, facéndolle compañía ao vello, que lle traía miguiñas de pan. El correspondía cos seus trinos. Todos os días, fixera frío ou calor, choiva ou vento, o velliño, apoiado nun pau de sanguíño, ía ata o río visitar o paxariño. Aquel animalíño de **ósos fráxiles e plumaxe dourada** tíñao engaiolado; era para el como a primeira cereixa do verán. O **paxariño máis fermoso** que vira, aquelas ás negras como os ollos que o miraban fixamente, o corpiño marrón de violonchelo, co peito de cor amarela como marmelo maduro. Cando unha raiola de sol metíase entre as follas, escentilaba e lograba sacar un sorriso do enrugado rostro do vello.

De cando en vez, o paxariño desviaba a mirada do vello cando pasaban polo camiño un **fato de homes, mulleres, nenos e nenas**, con ferramentas nas mans e vestidos con badeadores para limpar o seu río. El apenas se decataba; como unha avelaíña na procura da luz, buscaba os ollos do paxariño, pequenos e negros, que brillaban como estrelíñas no ceo, unha loaira na tristura do inverno. Cada vez custáballe máis ir ao río; así, quedábase sen folgos. Na derradeira vez que foi ao médico, díxéronlle que tiña o corazón moi débil, que se tiña que **coidar moito** e non ter desgustos.

Un día, como non tiña **cámara de fotos** e se lle daba ben o debuxo nunha libreta, foi facendo bocetos do paxaro. Mercou un lenzo e pintura de todas as cores e pinceis para pintalo e inmortalizalo nun cadro. Con moito sufrimento, subiu ao faiado e colleu un ganapán dos seus tempos de pescador. Con moito esforzo e paciencia, e tremendo de rabia e anoxado polo que ía facer, **atrapou o paxariño** para pintalo na casa. Levouno arrolado coas mans grandes de traballar arreo na terra, como se estivese no niño. Íalle falando e dándolle aloumiños, explicándolle que el non lle ía facer dano ningún, só quería pintalo para cando non puidese ir ao río visitalo, non ter soidade del. Así, o deixaría **ceibe**.

Devecía por chegar así cando, de súpeto, colleu a **primavera**. As bolboretas emerxían do río polas pradeiras que enchíanse de mapoulas e máis flores ventureiras. Arrecendía a fiúncho e mentrasto, reverdecían os freixos do seu barrio. Unha bandada de paxaros voaba en círculo ao seu redor con moito

estrondo. Fixouse no paxariño e viu aqueles ollos fixos nel. Abriu as mans. Os veciños, logo dun tempo sen velo, alarmados, chamaron á policía, que derrubou a porta. Alí o atoparon; o seu **débil corazón** non aguantou. Tirado no chan, arrodeado de pinceis, tubos de pintura, un ganapán, na man unha lámina coa copia do cadro *O xílgaro* do pintor holandés Carel Fabritius (1622-1654), morto moi novo ao arder o seu taller de pintura, perdéndose toda a súa obra, agás ese pequeno cadro do paxaro, unha obra mestra de valor incalculable. No fondo dun caixón dun armario atoparon unha nota que dicía que, cando morrese, as súas cinzas as espallasen no tramo do **río dos Gafos**, agora tapado.

O xílgaro estivo moitos días agardando na póla por el, ata que un día deixou de ir. Ningún paxaro ocupou a póla daquel **ameneiro**, que algún tempo despois secou. Din que tamén algúns árbores poden morrer de **tristura e soidade**.

Vintecinco primaveras máis para Vaipolorío!